

Índice de confianza do consumidor. Outubro 2006.

COMUNICADO

Excelente comportamento dos prezos

Suben os saldos das perspectivas de evolución e da evolución pasada dos prezos

No referente aos prezos, debemos distinguir dous saldos. O primeiro fai referencia á opinión dos fogares acerca do comportamento dos prezos nos últimos doce meses (evolución pasada). Esta variable presentaba xa unha forte mellora en xullo de 2006 e neste mes de outubro acadou o mellor resultado na historia desta enquisa que comezamos facer en xuño de 2003. Representa a percepción dos fogares dunha subida de prezos cada vez máis moderada nos últimos meses.

O outro saldo relativo ós prezos recolle as perspectivas de evolución (nos seguintes doce meses) dos mesmos. Esta variable amosa un saldo máis favorable que a referente á evolución pasada dos prezos. No mes de xullo de 2006 tamén melloraba bastante con respecto ao mes anterior pero é neste mes de outubro de 2006 no que por fin móstranos un saldo positivo de 1,9 e temos que remontarnos a setembro de 2004 para mellorar este saldo.



Fonte IGE. Índice de confianza do consumidor

Os indicadores de confianza e sentimento do consumidor (ICC e ISC) descenden este mes de outubro

O índice de confianza do consumidor acada no mes de outubro de 2006 un valor de -22,3, este saldo supón a confirmación da fase de descenso deste índice que tórnase descendente tódolos anos tralo verán.

O comportamento do índice de sentimento agora sí comeza a descender aínda que cun mes de desfase con respecto ao ICC. Nos últimos meses os movementos do ISC eran máis suaves aínda que do mesmo signo que os do ICC, pero o pasado mes de setembro os dous indicadores levaban traxectorias diferentes que xa neste mes de outubro de 2006 observamos que van na mesma dirección.

Indicadores resumo

Unidade: saldo respostas en %

| | ICC | ISC |
|-------------|-------|-------|
| 2005 | | |
| Xaneiro | -23,7 | -29,9 |
| Febreiro | -22,1 | -26,8 |
| Marzo | -22,5 | -28,7 |
| Abril | -18,9 | -28,2 |
| Maio | -17,7 | -27,8 |
| Xuño | -15,2 | -28,1 |
| Xullo | -14,2 | -25,1 |
| Agosto | -16,9 | -26,0 |
| Setembro | -19,5 | -26,9 |
| Outubro | -21,1 | -29,0 |
| Novembro | -23,3 | -30,7 |
| Decembro | -22,5 | -29,2 |
| 2006 | | |
| Xaneiro | -21,5 | -28,7 |
| Febreiro | -19,1 | -26,1 |
| Marzo | -18,0 | -25,7 |
| Abril | -17,4 | -25,6 |
| Maio | -18,0 | -27,3 |
| Xuño | -17,3 | -26,7 |
| Xullo | -16,7 | -24,1 |
| Agosto | -18,5 | -23,4 |
| Setembro | -20,2 | -22,7 |
| Outubro | -22,3 | -27,7 |

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor



Definicións:

Índice de confianza do consumidor: media simple dos resultados das preguntas relativas á situación económica futura do fogar e da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro e evolución do número de parados.

Índice de sentimento do consumidor: media dos resultados das preguntas relativas á oportunidade de facer grandes compras e á situación financeira persoal e de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>